



Proxecto:

Elaboración do plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Mondariz Balneario

Situación actual:

O pleno do Concello de Mondariz Balneario adoptou, en sesión ordinaria de 28 de febreiro de 2019, adoptou o acordo de adherirse ao Pacto das alcaldías para o clima e enerxía.

O Concello realizou dende entón tarefas de xestión (pesquiña e análise) documental relacionadas co inventario de emisións.

O PACES é un documento complexo que require coñecementos específicos e tempo de análise e estudo, co que non conta o persoal do Concello polo que se opta por solicitar unha subvención que permita a contratación da redacción documento, reservándose para o persoal do Concello a presentación dos informes de seguimento.

Os concellos adheridos ao Pacto comprométese a redactar o (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión.

Ademais cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento.

Financiamento:

Convén sinalar o proxecto está cofinanciado nun 80 % polo Fondo Europeo de Desarrollo Regional (Feder).

Prazo:

A data límite para executar o proxecto, así como para presentar a documentación xustificativa das inversións, será o 30 de novembro de 2020.

Descrición:

Realización de:

- Un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da efectividade das accións de mitigación.
- Unha avaliación dos riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático.
- Unha relación de medidas previstas para reducir e limitar as emisións de gases de efecto invernadoiro e prepararse para os impactos do cambio climático.
- Rexistro telemática mente no sitio web da oficina do pacto da Unión Europea.

Obxectivos do proxecto

O Concello co PACES fai propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030:

- Reducir as emisións de CO₂ polo menos o 40 % a través de medidas de eficiencia enerxética y dun maior uso do fontes de enerxía renovable
- Implantar medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este.
- Mellorar o acceso a enerxía segura, sostible e alcanzable.

Orzamento do Proxecto

A empresa adjudicataria do traballos foi SICASOFT SOLUTIONS, S.L., con CIF B-70452263, por un importe de 1.892,56 € e 397,44 € de IVE (2.290,00 € total).

O Pacto dos alcaldes paso a paso

